

UNITAT DIDÀCTICA 2

1r Trimestre

Nivell inicial

Como che vai?



Programació didàctica

Curs Inicial: Optativa Llengua i literatura gallegues

El Curs Inicial de Llengua i literatura gallegues està dissenyat per implementar-se com a optativa d'ESO amb una càrrega setmanal de 2 hores lectives durant un curs acadèmic, i s'emmarca dins del Nivell A1 del [Marc europeu comú de referència per a les llengües](#):

El Nivell A1 (Inicial) es considera el nivell més baix de l'ús generatiu de la llengua: el punt en què l'aprenent ja pot interactuar d'una manera simple –preguntar i respondre preguntes sobre ell mateix, sobre el lloc on viu, sobre la gent que coneix i les coses que té; iniciar declaracions simples i reaccionar-hi en les àrees relatives a les necessitats immediates o a temes molt familiars– i no ha de confiar exclusivament en un repertori lèxic limitat i memoritzat de frases determinades per a situacions específiques.

Objectius didàctics del curs inicial de Llengua i literatura gallegues:

- Comprensió oral
 - Reconeix **paraules familiars** i expressions molt bàsiques sobre **temes propis de la família i l'entorn concret** i immediat, si la gent parla a poc a poc i amb claredat.
- Comprensió lectora
 - Compren **noms familiars**, paraules i frases molt senzilles; per exemple, les que apareixen en **anuncis, cartells i catàlegs**.
- Interacció oral
 - Es comunica de manera senzilla a condició **que l'interlocutor estigui disposat a repetir** el que ha dit o a dir-ho amb altres paraules i més a poc a poc i **que l'ajudi a formular el que intenta dir. Planteja i respon preguntes senzilles** sobre temes familiars o sobre temes relacionats amb necessitats immediates.
- Expressió oral
 - Utilitza expressions i frases senzilles per **descriure el lloc on viu i la gent que coneix**
- Expressió escrita
 - **Escriu postals** curtes i senzilles; per exemple, per **enviar felicitacions**. **Emplena formularis** amb **dades personals**; per exemple, el nom, la nacionalitat i l'adreça en una fitxa de registre d'hotel.

Unidade 2: Como che vai?

Curs	Trimestre	Número UD	Professor/a	Durada
1r	1r	2		12 hores
Activitats		Continguts		Criteris d'avaluació
Expressió oral		Presentación persoal e dun compañeiro/a Presente de indicativo do verbo estudar e ser		Utilitza expressions i frases senzilles per descriure un company/a
Interacció oral		Fórmulas de saúdo e despedida Preguntas de inicio de conversa e posibles respostas		Inicia una conversa amb formes de salutació i és capaç de respondre i despedir-se
Comprensió oral		Comprensió dun vídeo sobre a inauguración dos XXIX cursos de verán "Galego sen Fronteiras"		Compren noms familiars, paraules i frases molt senzilles
Comprensió lectora		Comprensió dunha parte do folleto informativo da edición de 2020 dos cursos "Galego sen Fronteiras"		Compren frases i dades senzilles d'un cartell
Expressió escrita		Escritura dos datos persoais respondendo un correo electrónico para se matricular nun curso de lingua galega de verán		Pot omplir formularis senzills amb dades personals: el nom, l'adreça, la nacionalitat i l'estat civil.
Activitat de síntesi		Tots els recollits a les unitats 1 i 2 d'aquest curs		Resol correctament l'activitat proposada

Unidade 2: Como che vai?

Mapa de Galicia

A continuación presentámosvos o mapa de Galicia con todas as cidades e as vilas máis importantes. Prestade atención tamén aos lindes de Galicia. Con que zonas limita por terra? e por mar?



Fonte: Mapas, Xunta de Galicia

Expresión oral

☞ Nesta segunda unidade ides continuar traballando a vosa presentación e mais como presentar un compañeiro ou compañeira.

Actividade 1

Seguimos coas presentacións, desta vez ides presentar un compañeiro ou compañeira da clase en voz alta.

Para presentalo podedes dicir como se chama, de onde é, onde vive, cantos anos ten, cantas linguas fala, onde estuda, etc. Tamén podedes engadir calquera outro dato que coñezades del ou que lle preguntádeses.

☞ Apuntes fonéticos. Para mellorardes a vosa pronunciación, lembre que a letra *x* e o dígrafo *nh* se pronuncian [ʃ] e [ɲ] respectivamente (coma no catalán *caixa* ou *fang*). Nalgúns casos, o *x* tamén se pronuncia [ks], por exemplo en *taxi* ou *complexo*.

Podedes pronunciar en voz alta as seguintes palabras e escoitalas no *Dicionario de pronuncia da lingua galega* (<https://ilg.usc.es/pronuncia/IPA.html>): *xabón, roxo, buxo, unha curuxa, anxo, xeo, elixir, axuda, xan, un anxo, desexo, desexar, unha, ningunha, algunha, non había ningunha xarda na peixería, non hai xente no xardín*.

Interacción oral

☞ Nesta segunda unidade imos aprender algunhas fórmulas de saúdo, despedida e de agradecemento para practicar pequenos diálogos sinxelos.

Fórmulas de saúdo • Bo día • Boa tarde • Boa noite • Ola	Fórmulas de despedida • Abur / Aburiño • Adeus • Ata logo • Deica logo • Ata despois
Preguntas de inicio de conversa • Como estas? • Como che vai? • Como andas? • Que tal estás?	Posibles respostas • Ben, grazas! • Vou indo... • Coma sempre • Mal / ben / regular • Máis ou menos

Actividade 2

Despois de coñecer as fórmulas de saúdo e despedida e algunhas preguntas de inicio de resposta de conversa, propoñémosvos que intendedes escribir, en parellas, un pequeno diálogo na que empreguedes estas fórmulas (despois teredes que lela en voz alta).

🎧 Mirade o seguinte vídeo para lembraros da fórmula de agradecemento en galego:

<https://www.youtube.com/watch?v=P1fh3uIXANU>



Comprensión oral

🎧 Neste primeiro apartado, ides ver unha noticia en formato audiovisual sobre a inauguración dos XXIX Cursos de Verán «Galego sen fronteiras». Estes cursos de galego para estranxeiros celébranse en Santiago de Compostela e permiten que o alumnado de universidades de fóra de Galicia poida aprender a lingua galega a través de clases regulares, vivindo unha experiencia de inmersión lingüística en galego durante un mes.

Ligazón do vídeo: <https://www.youtube.com/watch?v=B7YiIv1uu8>

Actividade 3

Despois de ver o vídeo, respondede as cuestións seguintes.

1. Que é o Instituto da Lingua Galega (ILG)?
2. Por que a celebración destes cursos é un dos fitos máis agardados de todo o ano?
3. De que continentes vén o alumnado que participa nos cursos de verán?
4. Segundo Alonso Montero, presidente da Real Academia Galega (RAG) entre 2013-2017, cantos alumnos están matriculados?
5. Cantos estudantes estranxeiros, aproximadamente, pasaron por estes cursos?
6. Segundo Henrique Monteagudo, o galego é materia de pescuda nas universidades de fóra de Galicia?
7. Por que os cursos crean simpatía cara a Galicia, segundo Henrique Monteagudo?

8. Segundo Rosario Álvarez, cantos alumnos hai este ano matriculados nos cursos?
9. Segundo Valentín García, da Secretaría Xeral de Política Lingüística (SXPL), en que se converten os alumnos?
10. De cantos países veñen os alumnos do curso?
11. Que van poder facer os alumnos no curso?
12. Que día remata o curso do ano no que se filmou a reportaxe?

Comprensión lectora

Na actividade anterior, vistes que son os cursos de verán «Galego sen Fronteiras», celebrados todos os anos en Santiago de Compostela. A continuación podes atopar algunhas partes do folleto promocional do curso que se celebrou en 2020. Lédeo e responde as cuestións de máis abaixo.

GALEGO SEN FRONTEIRAS
Cursos de verán de lingua e cultura galegas
XXXIII edición (2-24 xullo 2020)

Cursos destinados a persoas de fóra de Galicia
Niveis: elemental, medio e superior

- **Nivel elemental.** O alumnado deste nivel distribuirase previsiblemente en dous grupos, segundo o grao de comprensión da lingua, mediante a realización dunha proba de nivel.
- **Nivel medio,** destinado a quen xa realizou o curso elemental ou demostre un coñecemento básico do idioma mediante a realización dunha proba de nivel.
- **Curso superior de lingüística e de literatura galegas,** para quen cursou o nivel medio ou acredite un bo dominio da lingua galega.

Directores: Henrique Monteagudo, Xosé Luís Regueira

Actividade 4

1. Cantos días dura o curso?
2. Como se distribúen os alumnos do nivel elemental?
3. A quen vai destinado o nivel medio?
4. É posible cursar o nivel superior sen facer antes o curso de nivel medio?

A lingua e o territorio

O galego é a lingua propia de Galicia, un territorio situado no noroeste da Península Ibérica. Fálase nas catro provincias que compoñen a Comunidade Autónoma, así como nos territorios estremeiros das provincias de Asturias, León e Zamora. Dos case 2.700.000 de habitantes desta comunidade, cerca de 1.400.000 usan habitualmente o galego. A estas cifras cómpre engadir case 1.000.000 de emigrantes por toda a Europa occidental, os EUA e América do Sur. En Galicia tamén se fala o castelán, lingua que se foi introducindo ao longo da historia e tivo ao seu favor o carácter de lingua do estado e o prestixio social. Na actualidade, as dúas linguas son coñecidas pola inmensa maioría da poboación e o galego, lingua minorizada, atópase en proceso avanzado de normalización.

A situación legal da lingua galega

- O galego é **lingua propia** de Galicia.
- O galego é **lingua oficial** na Comunidade Autónoma de Galicia desde 1981, o mesmo ca o castelán.
- Os poderes públicos teñen o **deber** de promover o coñecemento e a utilización do galego.
- Toda a cidadanía galega ten o **dereito de coñecer** e de **empregar o galego** en todos os ámbitos da vida pública.
- O ensino do galego e do castelán é **obligatorio** en todos os centros escolares.

Actividade 5

1. En que territorios se fala o galego?
2. Cantos falantes ten, máis ou menos, a lingua galega?
3. Cando se oficializou o galego en Galicia?
4. Os alumnos de Galicia poden estudar a lingua galega nos centros educativos?

Santiago de Compostela

Santiago de Compostela é a capital de Galicia e atópase situada aproximadamente no centro do seu territorio. Foi declarada en 1985 Patrimonio Cultural da Humanidade pola Unesco. O seu nacemento e o desenvolvemento como núcleo urbano está ligado polo feito, en parte histórico, en parte mítico-relixioso, do descubrimento do sartego do Apóstolo Santiago e o culto subsequente creado ao seu redor: xerou desde a Idade Media unha corrente de peregrinacións articulada arredor do Camiño de Santiago, que foi o primeiro Itinerario Cultural Europeo recoñecido polo Consello de Europa. O principal monumento é a súa catedral, e ten unha zona vella con monumentos importantes, xunto cunha parte nova, moitos parques e zonas de recreo.

Santiago de Compostela tamén é coñecida pola súa universidade, que conta con máis de 500 anos de antigüidade. As súas facultades acollen a máis de 20.000 estudantes e están repartidas en tres campus: o campus histórico (con varias facultades na zona vella), o campus Norte e o campus Vida (campus de excelencia internacional), situados estes en dous extremos da cidade.

Santiago de Compostela está ben comunicada co resto de Galicia, tanto por estrada coma por ferrocarril. As praias máis próximas atópanse a uns trinta minutos en automóbil.

Fonte: GALEGO SEN FRONTEIRAS *Cursos de verán de lingua e cultura galegas*. Real Academia Galega.

Actividade 6

1. A partir dunha perspectiva galega, onde se sitúa Santiago de Compostela?
2. En Santiago de Compostela houbo un descubrimento que lle deu importancia á cidade. Que foi?
3. Que categoría lle dá o Consello de Europa ao Camiño de Santiago?
4. Por que é importante o Camiño de Santiago para a cidade?
5. Cal é o principal monumento da cidade de Santiago de Compostela?
6. Cantos séculos leva en activo a Universidade de Santiago de Compostela?
7. Cantos campus ten a Universidade de Santiago de Compostela?
8. O mar e as praias están preto de Santiago de Compostela?

Expresión escrita

☞ Empezaches a aprender galego para poderte comunicar con xente de Galicia e para poderes coñecer Galicia, non é? Entón, nalgún momento vas viaxar a Galicia ou, quen sabe, mesmo acabarás estudando e vivindo alá!

Cando te teñas que aloxar nun hotel, queiras pedir unha bolsa de estudos en Galicia ou fagas calquera outro trámite administrativo, ben seguro que terás que cubrir un formulario cos teus datos persoais.

Observa este exemplo de formulario e repara no vocabulario:

Declaración de datos persoais e de contacto

• Tipo de documento identidade		• Número documento de identidade		
• Nome		• Apelidos		
• Data de nacemento		• País de nacionalidade		
		• Sexo		
• Enderezo			• C. Postal	
• Localidade		• Concello		
• Provincia		• País		
• Teléfono		• Email		

Actividade 7

Nesta actividade vas ter que responder o seguinte correo electrónico:

Datos persoais para a solicitude Externo ⌵ Caixa de entrada ×

Breixo Parga 10:38 (hai 0 minutos) ☆ ↶ ⋮
para min ▾

Prezada candidata aos cursos de galego,

Pregámosche que nos mandes, respondendo a este mesmo correo electrónico, os teus datos persoais para podermos completar a túa matrícula no Curso de Verán de Lingua e Cultura Galega da USC.

Agardámoste en xullo!

Un saúdo e moitas grazas polo teu interese,

Breixo Parga
Secretario do Curso de Verán de Lingua e Cultura Galega

Non cómpre que reproduzas o modelo de formulario que viches máis arriba. Pensa na túa realidade e nos datos que queredes achegar e adáptao ás túas necesidades (se cadra non vives nunha praza, senón nunha rúa; non vives nunha cidade, senón nunha vila ou nunha casa illada...).

Actividade de síntese



Un compañeiro ou unha compañeira mais ti queredes facer o Camiño de Santiago a pé e buscades información de como facelo:

1. Tedes que escoller cal é a ruta que vos interesa máis.
<https://www.caminodesantiago.gal/gl/planifica/as-rutas>
2. Imaxinade que tedes unha conversa telefónica e un de vos ten a páxina web diante e ten que cubrir os ocos ca información persoal do compañeiro ou da compañeira que non está presente. Pensade ben nas preguntas que tedes que facer para encher correctamente o seguinte rexistro.
<https://www.caminodesantiago.gal/gl/planifica/o-meu-camino/rexistro>

 Nome de usuario (alcume)

Nome: *

Apelidos: *

Data de nacemento: Nacionalidade: Provincia: Idioma:

Correo electrónico: *

Contrasinal: * Confirme contrasinal: *

<https://www.caminodesantiago.gal/gl/descubre/o-camino-na-actualidade/como-facer-o-camino>

3. Facede unha lista das cousas que necesidades levar na vosa mochila para facer a viaxe. Comprobade a ver se coincide ca lista que vos propoñen na seguinte páxina web:

<https://www.caminodesantiago.gal/gl/prepare/que-non-podes-deixar-na-casa>



Annexo

Actividade 7: Indicacións para o profesorado

Trátase de que, alén dos datos básicos (nome e apelidos), sexa o propio alumno quen adapte o formulario e procure o vocabulario que lle sexa máis interesante ou que poida ser máis significativo para el. Deste xeito, non se valorará un modelo estándar de formulario, senón a capacidade do alumno para o adaptar e para procurar aquel vocabulario que lle sexa útil (por exemplo: *praza, solteiro, teléfono móbil*, etc.).